



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E OS SOCIOS PARTICIPANTES NO PROXECTO “DESENVOLVEMENTO DE ESTRUTURAS MULTIMATERIAL PARA APLICACIONES OFFSHORE CON SOLICITACIONES SEVERAS DE FATIGA E DURABILIDADE EN AMBIENTE MARIÑO (MIAMI)”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar cos socios participantes no proxecto “Desenvolvemento de estruturas multimaterial para aplicacións offshore con solicitacións severas de fatiga e durabilidade en ambiente mariño” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da sinatura e o 14 de abril de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización de probas de durabilidade de materiais para aplicacións off-shore en condicións severas de fatiga en ambiente mariño. Non existirá ningunha interconexión con redes eléctricas para o seu transporte e consumo en terra firme. O convenio establece as condicións da colaboración entre o Inega e socios participantes no proxecto MIAMI para a realización destas actividades

Que o Consorcio MIAMI presentou no Inega unha solicitude para a autorización temporal para probar e ensaiar na Zona Experimental de Punta Langosteira en A Coruña, un demostrador dun compoñente multimaterial con elevados requirimentos estruturais para o sector eólico offshore.

O demostrador experimental (I+D) está financiado polo Programa Feder-Innterconecta, co número de identificación ITC-20161095, convocatoria 2016, publicada no BOE do 29 de abril de 2016. A formalización deste acordo non supón ningún gasto para as partes asinantes.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que concorren na sinatura deste convenio razóns de interese público.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 15 de maio de 2019

